

¿Por Qué Casa a Xente?

Sobre a decisión pola que as persoas elixen siguer solteiras e non aceptar unha proposta matrimonial.

Eduardo L. Giménez-Fernández ***

Universidade de Vigo

36200 Vigo (Galiza)

e-mail: <egimenez@uvigo.es>

Resumen

Aplícase a análise económica ao comportamento individual no momento mesmo de decidir casar, é dicer, de aceptar unha oferta matrimonial. Esta investigación realízase no marco dun modelo de búsqueda. Asemade identifícanse os factores que influen en dita decisión. A teoría pode reproducir certos feitos da realidade como a actual elevada idade da xente ao casar, e exténdese ao caso da decisión de ser noivo e da formación das parellas de feito. Finalmente realizouse unha calibración con datos de España 1940-1991. Partindo do feito que a porcentaxe de casados crece á mesma taxa que o volume de persoas en idade de casamento, obtívose unha taxa natural de solteiro.

Palabras Clave: Modelo de búsqueda, Casamento.

JEL: J12

*Esta nota xurdiu dun traballo proposto aos alumnos de 2º de LADE, promoción 1996-2000. As discusións con Leonor Giménez, Xosé A. Gómez Quintela, Miguel Anxo Bastos e Mikel Pérez-Nievas enriqueceron e clarificaron o texto.

**Este artigo está publicado, baixo outro formato, na *Revista Galega de Economía*, vol. 8, núm. 1 (1999), pp.71-81.

1.-. Introduzón

O obxectivo desta nota é aplicar a análise económica ás decisións individuais do casamento. Hai certas críticas á aplicación da Teoría Económica a certos aspectos e decisións íntimas das persoas -aplicación que se considera mesmo sacrílega ou trivializadora do comportamento humano. Polo contrario, pénsase que ao igual que nun accidente de automóbil un biólogo pode pensar na degradación do medio ambiente por parte do aceite derramado, o advogado estuda quen foi o responsable do mesmo, un economista debe analizar o mesmo feito (un accidente de tráfico) dende a óptica económica. O veredicto non é nin mellor nin peor. É unha aportación máis para comprender un feito da realidade.

Nesta nota análísase polo miúdo a decisión do casamento, da aceptación dunha proposta matrimonial, utilizando o modelo de búsqueda. A aplicación da análise económica á existencia dos matrimonios, á poligamia, aos divorcios e a outros temas vencellados ca institución familiar xa hai tempo foran estudadas por Gary Becker (1973, 1974 e 1981), Gary Becker, Elisabeth Landes e Robert Michael (1977), Valerie Oppenheimer (1988) e Dale Morgensten (1988). Para unha panorámica e unha revisión da literatura ver Shoshana Grossbard-Shechtman (1995) e Yoram Weiss (1997). Os traballos máis próximos ao presente son Becker, Landes e Michael (1977) e Oppenheimer (1988). Estes estudos realizan unha aplicación da teoría de búsqueda ao mercado de casados. O primeiro aplica o proceso de búsqueda previo ao matrimonio para explicar as posibles causas dos divorcios, debido ao proceso de elección dunha parella non axeitada.¹ Oppenheimer, pola súa banda, compara o mercado de casados co mercado de traballo e centra a súa análise na cuestión temporal: é dicir, na idade de contraer matrimonio.² En concreto á cuestión de cómo factores económicos (a idade na que unha persoa atopa un traballo estável) e factores sociais (anos de educación das persoas de ambos sexos, roles sociais na división do traballo entre os cónxuxes entre traballo doméstico

¹Se existen elevados custos de búsqueda -por exemplo información imperfecta- pode inducir a aceptar unha parella que lle reporte unha gañancia inferior no matrimonio que a que recibiría nun emparellamento "óptimo caso de información perfecta.

²Tendo en conta que cando ún acepta unha proposta matrimonial espera que dure para sempre, os beneficios a longo prazo de calquer casamento está substancialmente afectados polas características tanto *presentes* como *futuras* das dúas persoas (e mesmo existe unha maior incerteza acerca da natureza das futuras características dun individuo). Como consecuencia, os factores exógenos que afectan ao grao de incerteza acerca das características tanto presentes como futuras influenciarán ao momento do matrimonio.

e traballo xerador de rendas) afectan a idade de casamento de ambos sexos.³

Esta nota céntrase, sen embargo, na análise da decisión mesma de aceptación matrimonial dun xeito máis debullado que na literatura previa. Suxírese, análogamente a Oppenheimer (1988), que esta decisión individual non difire moito da decisión individual dun desempregado no momento mesmo de elexir entre aceptar un traballo ou seguir buscando, tal como ven recollido, por exemplo, en Barro (1994, Capítulo 10). A cuestión de fondo é que, mentres no modelo descrito por Barro o **salário** ofrecido polas empresas era a variábel de decisión, precisamos identificar unha magnitude que sexa crucial á hora de aceptar ou rexeitar un ofrecemento matrimonial. Pénsase que esta variábel é “*o enxoval*”: todo aquilo que a outra persoa ofrece e aportaría ao matrimonio, tanto presente como futuro, e tanto en bens materiais -ou físicos- (salário, casa, terras,...) como non materiais -ou psíquico-afectivos- (compañía, seguridade, amor, ...). Cabe destacar que o modelo non explica porqué se realizan ofertas matrimoniales nin porqué se reciben un número determinado de ofertas (como tampouco se explicaba en Barro porqué as empresas ofertaban un emprego a un salário determinado, ou porqué os desempregados tiñan máis ou menos entrevistas de traballo). Tampouco se trata de explicar porqué a xente namora. A situación “estar namorado.” ou “non estar namorado” non media un acto volitivo, unha decisión individual. Daquela o amor está alén do campo de estudo dos economistas (máis ben estaría no campo dos sociólogos e psicólogos).⁴ Os economistas estudan decisións, e os factores que inflúen nestas decisións. O obxectivo deste traballo será analizar a decisión de aceptación dunha proposta matrimonial e os factores que inflúen nesta. Finalmente realizouse unha calibración con datos de España 1940-1991. Partindo do feito que a porcentaxe de casados crece á mesma taxa que o volume de persoas en idade de

³Unha das incertezas na sociedade industrial baséase na natureza dos papeis económicos das persoas na idade adulta e no tempo de transición até que se atopa un traballo estável, xa que o traballo ten unha fonda influéncia na estrutura do estilo de vida da parella e na determinación do seu estatus socioeconómico. Por tanto, os factores que afectan ao tempo de transición cara un rol de traballo estável deberían afectar ao tempo que leva contraer matrimonio. Si este tempo de transición cara un rol de traballo de adulto ten un efecto sobre a aceptación da parella, entón uns papeis moi diferenciados entre sexos incrementarían as diferéncias en idade dos cónxuxes no matrimonio.

⁴Ainda así Becker (1974) aplica a análise económica e mesmo modeliza o caso de “existéncia de amor”. Xa que amar a alguen normalmente implica preocuparse polo que lle ocorre á parella, Becker centra o seu estudo nas implicacións, para o matrimonio, da “preocupación”. O autor describe un modelo altruista onde as preferéncias dos individuos dependen dos propios bens consumidos e dos consumidos pola parella. (Lémbrese que, como ben indica Angus Deaton, 1992, “consumidos” non necesariamente coincide con “adquiridos”, senon máis ben con “utilizados”. Pódese “adquirir un carro nun ano pero “consumir-lo.”o longo de varios períodos.)

casamento, obtívose unha taxa natural de solteiro.

O traballo desenvólvese do seguinte xeito. En primeiro lugar preséntase o modelo, identifícanse os factores que inflúen en dita decisión e explícanse certos resultados da realidade que poden formalizarse dentro do modelo. A continuación, baseándonos na formalización dinámica do “mercado de casados”, realízase unha análise empírica sobre o mercado de casados. Partindo do feito que a porcentaxe de casados crece á mesma taxa que o volume de persoas en idade de casamento, obtívose unha taxa natural de solteiro. Finalmente realízase unha ampliación ao estudo da decisión de ser noivos ou da formación das parellas de feito. A nota remata cunhas conclusións e posibles extensións.

2.-. O Modelo

Partimos que existen persoas que non están casadas (mormente solteiras pero tamén divorciadas ou viúvas). Particularicemos nun rapaz⁵ non casado (e que, por exemplo, vive na casa familiar). Este rapaz coñece a unha rapaza. Abstraéndonos de momento do proceso de ennoivado, a rapaza (que pode que sexa, ou non, a súa moza) pídlle ao rapaz que case con ela.

Eiquí entra a decisión do rapaz entre aceptar a proposición ou non.⁶ A cuestión é ¿qué é o que toma en conta o rapaz para valorar a oferta? En realidade a rapaza, ao pedir que casen, está ofrecendo “algo.” ao rapaz. Se o rapaz viñera de coñecela nese mesmo intre e son as primeiras palabras que cruzan, parecería normal que o rapaz rexeitase a oferta e nin siquiera se plantexara dita posibilidade matrimonial. En realidade o rapaz non a coñece de nada, logo ela non lle está ofrecendo nada. Se noutro caso xa se coñecen, ou mesmo son noivos, ao facer a proposta en realidade ela estalle ofrecendo un conxunto de características. Esta oferta inclúe bens tanto inmateriais (coñecemento mútuo, estar xuntos todo o día -24 horas menos 8 horas de traballo menos 8 horas para durmir, total 8 horas ao día xuntos-, seguridade, amor, cariño, ...) como materiais (compartir o seu salario -se ela traballa-, mercar unha casa ou un

⁵A análise sería equivalente para unha rapaza.

⁶Os economistas analisan o comportamento dos individuos. Logo os factores determinantes desta decisión son de grande interese para a análise económica.

carro xuntos, ...). A todo este conxunto de bens denominarémolles “*o enxoval* (da noiva)”.⁷⁸ Neste caso o rapaz polo menos estudará a proposta, aínda que logo a rexeite.

Polo tanto, visto estes dous casos o primeiro que ten en conta o rapaz ao considerar a oferta é cal é o seu *custe de oportunidade* de seguir solteiro.⁹ O custe de oportunidade de non aceptar non é o enxoval ofrecido. Por exemplo, non son as 8 diárias que deixa de estar ca súa moza, pois pode que xa estiveran xuntos 2 horas ao día. Tampouco mercar un carro, pois pode que el xa teña unha moto. Tampouco vivir nun piso, pois isto vaille reportar certos custes que, vivindo na casa familiar, pode que non tivera -facer a comida, ir á compra, etc. Se rifa a miúdo ca moza o enxoval non é tan atractivo, polo que o custe de oportunidade tamén diminúe polo efecto destes bens inmateriais. Asemade, a este enxoval haille de descontar certos beneficios de seguir solteiro (como saír cos amigos cando un quere -cousa que de casado estaría máis pendente da muller-, entrar e saír da casa sen dar contas a ninguén, etc.). Logo o custe de oportunidade é o enxoval ofertado *neto* dos beneficios que lle reporta seguir solteiro.¹⁰

Aínda así, vai existir un enxoval mínimo -ou de solteiro- \underline{e} baixo o cal o rapaz non vai nin siquiera a plantexarse a proposta, xa que casarse lle reportaría máis perdas que beneficios de solteiro. (Por suposto \underline{e} vai depender do trato cos pais, do a gosto que se atope na casa,

⁷En referencia ao libro de Victor Freixanes (1988).

⁸Este conxunto de bens e características materiais e inmateriais que integran o enxoval poden ser tanto presentes como esperados. (Por exemplo Becker *et al*, 1977, afirman que a decisión marital óptima en cada momento sería a que maximizara o valor esperado da riqueza global do resto da vida dadas as realizacións até o presente. A estratexia óptima sería o conxunto de decisión que en xeral incluírían o divorcio nos diferentes estadios do ciclo vital, as veces continxente ca realización dos resultados desfavorábeis, e outras consistentes na realización de resultados esperados.)

Ademais Oppenheimer (1988) afirma que unha parella matrimonial axeitada pode conseguirse a través de dúas formas diferentes, máis ben complementárias: un proceso de selección previo ao casamento, e un proceso de adaptación socializador posterior. En primeiro lugar unha boa parella obtense a través dalgún tipo de proceso de selección. Os individuos elíxense dun xeito tal que coinciden en características similares ou complementárias que ambos valoran. En segundo lugar, a socialización de adaptación durante o ennoivado ou despois do casamento modifican as características de un ou de ambos cónxuxes co fin de mellorar a calidade do compromiso matrimonial vía o proceso de selección. Dita socialización é unha solución posíbel ás incertezas que plagan todos os matrimónios, mormente os dos relativamente novos. Nalgunhas sociedades mesmo xogan un papel importante na estabilidade matrimonial.

⁹E dicer, qué é o que deixa de gañar o rapaz se decide non aceptar a proposta e ficar solteiro.

¹⁰Mesmo factores institucionais poden afectar á decisión matrimonial, como indican Becker *et al* (1977). Por exemplo, se existen elevados custes financeiros e emocionais ao divorciarse a xente presumiblemente preferirá permanecer solteira no lugar de entrar nun matrimonio que se espera se disolva dentro duns poucos anos.

da presión social para casarse, etc.) Sen embargo, aínda que o enxoval da rapaza supere este enxoval de solteiro e , e o rapaz considere a proposta matrimonial, pode que non acepte casarse. ¿Por qué?

En realidade podería ser que preferise manterse solteiro porque (valorando as súas propias aptitudes, capacidades, intereses -por exemplo, preferise seguir formándose e estudando-, etc.) considerara que existe unha elevada probabilidade de atopar unha rapaza (que podería ser a mesma) que lle ofrecera un enxoval maior.¹¹¹²

O rapaz aínda que fora recibindo ofertas de enxoval máis elevadas podería seguir rexeitando casarse e preferiría seguir buscando.¹³ Sen embargo canto maior é o enxoval o custe de oportunidade de non aceptalo aumenta, e as probabilidades de atopar un enxoval maior diminúen. Estas dúas forzas contrapostas vanse equilibrando até chegar a un enxoval -ou un rango de enxoval- no que o rapaz estará dubidoso entre aceptar ou non a oferta da rapaza (no que se equilibran o custe de oportunidade de rexeitar a proposta matrimonial e a probabilidade de atopar unha rapaza cun enxoval maior). A este *enxoval de reserva* ou *de aceptación*

¹¹Lémbrese que o enxoval non son só cousas materiais. Podería esperar unha rapaza que o quixera máis, que lle dera máis seguridade, ca que rifara menos,...

¹²O presente estudo é coherente ca literatura, que analiza ao fogar (constituído polo contrato matrimonial) como unha organización productora de bens de varias clases que beneficia aos seus membros, cando -un pouco máis tecnicamente- afirma que “O custe de búsqueda dunha parella matrimonial consiste na utilidade perdida en tempo e gasto desviado da produción doméstica cando se mostrea o sexo oposto, neto de calquer utilidade que o que busca poidera derivar da propia búsqueda. O beneficio consiste na utilidade extra que o que busca espera obter do novo acordo doméstico..”Alessandro Cigno (1991), p.63.

¹³Por exemplo, a mesma rapaza fai esforzos por rifar menos (ou viceversa) ou van adecuando mutuamente os comportamentos para satisfacer ao outro, modificando e facendo máis atractivo o enxoval (e el as probabilidades de atopar ofertas mellores... pero de momento suporemos que as probabilidades son fixas).

notarase por \bar{e} .¹⁴¹⁵¹⁶ Calquer enxoval superior a \bar{e} implicará a aceptación de matrimonio por parte do rapaz.¹⁷

Logo existen dous enxovales críticos (ver figura 1): un enxoval de solteiro \underline{e} e un enxoval de aceptación ou de reserva \bar{e} . Todo enxoval inferior ao enxoval de aceptación $e < \bar{e}$ será rex-

¹⁴Hai que ter en conta que existen custes irrecuperáveis que inflúen nesta cota: o proceso de coñecemento da outra persoa, das familias respectivas, dos amigos comúns,... Unha especie de investimento irreversible que pondera moi positivamente no enxoval e que se perde se non se acepta a proposta matrimonial e se prefire siguer buscando.

¹⁵Novamente o estudo é coherente ca literatura, tanto con Becker *et al* (1977, p.1142) cando afirman que “As persoas casan cando a utilidade esperada do matrimonio excede a utilidade esperada de permanecer solteiras. É dicir, dúas persoas solteiras casan se e só se a súa riqueza-matrimonial combinada excede a súa riqueza-de-solteiras combinada.”; como con Cigno (1991, p.63): “Un individuo deixa de buscar cando o custe marxinal da búsqueda (a utilidade dos bens de produción doméstica perdidos por andarlle ás beiras a outro membro do sexo oposto menos a utilidade derivada de facelo) se iguala ao beneficio marxinal (a mellora esperada tanto na situación presente como respecto da última oferta recibida, calquera que sexa mellor, a respecto de andarlle ás beiras a outra persoa diferente).” (Ver tamén Michael C. Keeley, 1977).

¹⁶Becker, Landes e Mitchel (1977) consideran que as persoas utilizan o seu tempo non adicado a producir bens de mercado e os bens de mercado para producir bens que non son de mercado. Cada persoa maximiza a utilidade dos bens que espera consumir ao longo da súa vida. Con neutralidad ao risco, este criterio simplifica a maximización da riqueza global esperada -o valor presente do fluxo de bens consumidos. A riqueza global non é a riqueza monetaria senon tamén hai que ter en conta a produtividade do tempo non adicado a producir bens de mercado. Logo cada “estratexia” marital produce unha coñecida cantidade de riqueza global e o conxunto de oportunidades coincide co conxunto de riqueza global producida por todas as estratexias maritales concebibles. Os individuos ordean todas estas estratexias pola súa riqueza global e elixen a maior.

¹⁷Obsérvese que detrás deste proceso de selección atópase implicitamente a concepción de *racionalidade limitada* de Herbert Simon (1955). (Ver tamén Ariel Rubinstein, 1998.) É dicir, os individuos escollen parella maximizando dentro do seu conxunto factível (constituído polas características das persoas do sexo contrario *que coñecen*). Por tanto, a elección da parella é un óptimo local non un óptimo global. Para acadar o óptimo global unha persoa habería de coñecer a todas as persoas coetáneas do sexo oposto, e ademais coñecelas en certo grado de profundidade. A existencia destes custes de información, e a dificultade da súa obtención, determina decisivamente o proceso de selección e a elección mesma da parella. (Ainda así non está moi claro que a optimalidade local sexa un *second-best*. Se efectivamente os individuos elixen dun xeito tal que coinciden en características semellantes ou complementarias que ambos valoran, os parámetros e valores culturais compartidos van excluír a unha elevada cantidade de candidatos/as, até mesmo restrinxirnos ao ámbito “local cultural”.)

Finalmente cabe indicar que o resultado do emparellamento depende decisivamente da orde e circunstancias nas que se van tendo os encontros cas persoas do sexo oposto. Logo o equilibrio do emparellamento vai ser unha solución *path-dependent*.

eitado; e todo enxoval superior $e > \bar{e}$ será aceptado.¹⁸ Aínda así só os enxovais superiores ao enxoval de solteiro $e > \underline{e}$ serán considerados.

3.-. O Mercado de Casados e a Taxa Natural de Solteiro

A continuación realízase unha descripción analítica da dinámica do mercado de casados. Temos en cada período t un volume de individuos en idade de casamento I_t . Os individuos distribúense entre solteiros S_t e casados C_t . O modelo permite explicar a existencia dunha proporción de solteiros debido a que se atopan nun proceso de búsqueda. A taxa á que a proporción de solteiros tende automaticamente (dadas as taxas ás que os solteiros casan, as taxas ás que os casados divorcian, e a taxa de mortandade de casados e solteiros) denomínase *taxa natural de solteiro*. O modelo sinala algúns puntos sobre a taxa natural de solteiro. Aínda que a taxa de solteiro se manteña constante, existe xente que cámbia de situación marital, e novos individuos entran no mercado de casados en cada período. Ademais a dinámica solteiro-casado, ao igual que a taxa natural de solteiro, depende da taxa de aceptación matrimonial e de divorcio. Obsérvase asemade que tamén depende da taxa de mortandade, onde un dos cónxuxes pasa a estar viuvo, logo os dous “deixan” de estar casados, e un deles pasa a estar “solteiro”. Supoñamos que existe unha proporción fixa de solteiros/as que en cada período aceptan á/ao moza/o en casamento σ e de casados que se divorcian δ . Asemade supoñamos que existe unha taxa de mortandade fixa para casados m_C e solteiros m_S . A dinámica do stock de solteiros e casados no período $t + 1$ é:

$$C_{t+1} = C_t - 2m_C C_t - 2\delta C_t + 2\sigma S_t \quad (1)$$

$$S_{t+1} = S_t - 2\sigma S_t - m_S S_t + (m_C + 2\delta)C_t + N_{t+1} \quad (2)$$

onde N_{t+1} son as persoas que alcanzan a idade de casamento en $t + 1$. Así $I_{t+1} = I_t(1 - m_t) + N_{t+1}$, con m_t a taxa de mortandade en t das persoas maiores de 15 anos. Daquela, se η_{t+1} é a taxa de crecemento dos individuos en idade de casamento no período $t + 1$ (é dicer, $\eta_{t+1} = \frac{I_{t+1}}{I_t} - 1$), taxa relacionada ca fertilidade, logo $N_{t+1} = I_t(\eta_{t+1} + m_t)$.

A variación do número de casados é:

$$\Delta C_{t+1} = 2\sigma S_t - 2(\delta + m_C)C_t$$

¹⁸Por simplicidade non consideramos os casos límites $e = \underline{e}$, nin $e = \bar{e}$.

Esta relación implica que aumentarán os casados si a aceptación matrimonial, σS_t , excede os divórcios e as defuncións, $(\delta + 2m_C)C_t$, e viceversa.

Faremos o suposto que a proporción de persoas solteiras e casadas no mercado non se modifica ao longo do tempo; é dicir, $\frac{C_{t+1}}{I_{t+1}} = \frac{C_t}{I_t}$, polo que $C_{t+1} = (1 + \eta_{t+1})C_t$. Partindo da constancia das taxas de aceptación, de divórcio, de morte e de crecemento da xente en idade casadeira, no equilibrio téndese a estabilizarse o mercado de casados polo que se tenderá a unha taxa de crecemento de solteiros e casados $\eta \geq 0$ constante. É dicir, no equilibrio manténse unha proporción fixa de casados e solteiros $\Delta C_{t+1} = \eta C_t$. Por tanto

$$\eta C = 2\sigma S - 2(\delta + m_C)C$$

Como $I_t = S_t + C_t$ poderíamos substituír, obtendo a *taxa natural de solteiro*

$$s = \frac{S}{I} = \frac{2\delta + 2m_C + \eta}{2\delta + 2m_C + \eta + 2\sigma} \quad (3)$$

polo que a proporción de casados é $\frac{C}{I} = \frac{2\sigma}{2\delta + 2m_C + \eta + 2\sigma}$.

3.1.-. Implicacións da Realidade do Modelo Teórico

Con este modelo podemos contrastar certos aspectos da realidade. En primeiro lugar ¿por qué existen tantos novos solteiros e por qué tardan tanto en casar? Unha posíbel razón é porque tanto o enxoval de solteiro \underline{e} como o enxoval de aceptación \bar{e} son elevados.¹⁹ Respeito a \bar{e} as dificultades de atopar un emprego estável desincentiva a aceptación dunha proposta matrimonial. No que se refire a \underline{e} , dadas ás características institucionais das familias en España, moitos rapaces e rapazas que chegan á maioría de idade aínda viven na casa dos seus pais. Isto ocasiona que o tempo de solteiro sexa maior e a taxa de aceptación matrimonial σ sexa baixa.²⁰ Se, como ocorre noutros países (por exemplo os nórdicos), aos 18 anos os pais botaran aos fillos da casa \underline{e} diminuiría co que σ aumentaría e, por (3), a proporción de solteiros diminuiría.²¹

¹⁹Razoamento equiparável ás explicación de que un elevado subsidio de desemprego desincentiva aos desempregados a aceptaren un emprego.

²⁰Se o novo vive independente da súa familia, só nun piso, o custe de oportunidade de casar diminúe pois as comodidades do fogar familiar non ponderan negativamente no enxoval.

²¹Esto é unha causalidad circular: os novos non atopan un traballo axeitado, logo non casan; como non casan viven na casa dos pais; e como viven na casa dos pais o seu salario de aceptación no mercado de traballo aumenta, co que non atopan traballo. Daquela a taxa de aceptación laboral debe estar en relación ca taxa de aceptación matrimonial. (Para un comentáριο sobre o desemprego en España ver Oliver Blanchard, 1997.)

Tamén o feito de estudar durante un prolongado número de anos fai que o enxoval de solteiro \underline{e} e o enxoval de reserva \bar{e} sexan moi elevados, sacrificando os asuntos persoais fronte a unha preparación maior (acumulación de capital humano). Isto permitirá, a súa vez, poder ofertar enxovales maiores á parella no futuro.

En ocasións afirmase dun/ha solteiro/a “non quere rollos e non quere casar” (referíndose, por exemplo, a que está consagrado/a ao seu traballo e non queren “distraccións”). Do que se desprende desta teoría é que en realidade o enxoval mínimo \underline{e} é moi alto. Sen embargo pódese afirmar que sí existirá, así como tamén existirá un \bar{e} : un enxoval no que esté indifereente entre casar ou seguir solteiro/a.²²

Tamén debe pensarse que as probabilidades de atopar un/ha rapaz/a que ofrezca un enxoval maior poden ir variando ao longo do tempo. Mesmo o enxoval crítico e o de solteiro poden ir modificándose ao longo do tempo, ben ao alza -nun desengano amoroso- ven á baixa -cando ún toma consciencia das súas propias limitacións ou da situación do mercado de casados, ou ben que envellece sen atopar parella,²³ ou ben ante un suceso inesperado,²⁴ etc.

Finalmente a duración do estado de solteiro dependerá ademais das características individuais, \underline{e} e \bar{e} , da situación do entorno do mercado. Por exemplo Oppenheimer (1988) afirma que unha parella matrimonial axeitada pode conseguirse a través de dúas formas diferentes, máis ben complementarias: un proceso de selección previo ao casamento, e un proceso de adaptación socializador posterior. En primeiro lugar unha boa parella obtense a través dalgún tipo de proceso de selección. Os individuos elíxense dun xeito tal que coinciden en características similares ou complementarias que ambos valoran. En segundo lugar, a socialización de adaptación durante o ennoivado ou despois do casamento modifican as características de un ou de ambos cónxuxes co fin de mellorar a calidade do compromiso matrimonial via o proceso de selección. Dita socialización é unha solución posíbel ás incertezas que plagan todos os

²²Por exemplo, unha parella “moi comprensiva” que lle permitise seguir traballando, e sempre disposto/a a atende-lo/a nos seus ratos de lecer -por exemplo acompaña-lo/a ao cine, etc.- e que enténdese que por mor do traballo non puidesen sair durante semanas sen importarlle.

²³Aquí poderíamos atopar co caso de “Sete noivas para sete irmáns.” onde ao principio do filme, Adam namórase dunha rapaza, ofrécelle en matrimonio e ela acepta no acto. Como comentaba ela a continuación xa lle ian poucas oportunidades. Neste caso \underline{e} era baixo -pero non nulo- e \bar{e} estaba próximo a \underline{e} .

²⁴Por exemplo, “casarse de penalti”: as mulleres que fican embarazadas accidentalmente mentres están no proceso de búsqueda teñen un incentivo de casar rapidamente, incluso cando aínda non completaron a súa búsqueda, debido ao seu desexo de “lexitimar.” os seus fillos e porque o seu enxoval -que incluírá agora ao cativo- se torna menos valioso para as parellas potenciais. Dito doutro xeito, é máis provábel que acepten un “mal emparellamento” porque o custe para elas das búsquedas adicionais se incrementaron. (Ver Becker *et al*, 1977.)

matrimónios, mormente os dos relativamente novos. Nalgunhas sociedades mesmo xogan un papel importante na estabilidade matrimonial. A decisión de demorar un casamento por mor da maior incerteza pode compensarse parcialmente na confianza que a socialización adaptativa postmatrimonial compense as imperfeccións das prediccións previas. Se a socialización postmarital fora un mecanismo pouco factíbel para mellorar a calidade do compromiso matrimonial, o papel da selección matrimonial é crucial. Un papel preponderante do proceso de selección previo para conseguir unha boa parella adoita elevar a idade do casamento. Por outra banda, en Cigno (1991) afirmase que se podería esperar que individuos con baixo custe de búsqueda, \bar{e} elevado, pasarán máis tempo buscando.²⁵ Tamén afirma que en asentamentos rurais moi dispersos, onde o custe de búsqueda é relativamente maior, haberá unha proporción maior de solteiros, ao contrario que en lugares con elevada densidade de populazón.²⁶ No

²⁵Existen estudos empíricos que apoian a tese que “a maior búsqueda mellor” (ver Cigno, 1991, p.64). Estes estudos, para Filipinas e Reino Unido, afirman que individuos con menor custe de búsqueda, elevado \bar{e} , esperarán atopar unha parella mellor.

²⁶En liña con isto un problema actual das sociedades industriais é a falta de mercados para certos segmentos da populazón solteira, onde a información no que se refire ás características dos oferentes e demandantes sexa máis ou menos clara. Así, por exemplo, o mercado matrimonial nos institutos, universidades e no posto de traballo a demanda e a oferta é clara, e pasar moitas horas xuntos diminúe certos custos informacionais e de búsqueda. Tal é o caso tamén do mercado matrimonial de homosexuais –ubicado en certos pubs ou discotecas–, o mercado matrimonial da 3ª idade –en Clubs da Terceira Idade, e mesmo en Salas de Festas–, ou o mercado de divorciados ou separados. Por exemplo neste último caso o mercado da un sinal moi nítido das características dos axentes que interveñen no mesmo. Unha persoa sabe que vai atopar unha muller (ou un home) separado ou divorciado e, posíbelmente, con algún fillo,... cicais o seu mesmo caso. Nestes mercados os participantes, aínda que non posúan información individual dos participantes do mercado (incerteza microeconómica), sen embargo o mesmo mercado da un sinal polo que coñecen as características dos oferentes e demandantes (existe certeza agregada). É dicir, as persoas que un se vai atopar neste “mercado” (pub, discotecas, sala de festas, etc.) son homosexuais ou lesbianas, son separadas/os ou divorciadas/os, ou son viuvos de maior idade, respectivamente.

Sen embargo existen segmentos da populazón solteira onde os mercados están bastante difusos, e os participantes descoñecen a meirande parte das características das persoas cas que se atopan. Esta caréncia de mercados –falta de lugares de encontro, etc.– ocasiona a apertura espontánea de novos mercados por parte dos mesmos axentes nun intento de definir as características do mercado. Nuns casos institucionalmente (caso dos Centros Galegos espallados polo mundo ou os Clubs de alta sociedade, que dan un sinal aos participantes das características da oferta e da demanda –é dicir, das persoas do sexo oposto que van atopar–), ben noutros casos espontáneas, estilo as novas seccións de contactos persoais nos xornais –que emulan o mesmo patrón de xornais específicos noutros países (por exemplo en Estados Unidos *Meet People* para o Estado de Minnesota ou *Cheers* para o de Illinois, ou o xornal alemán *Bild*)– onde a falta de mercado se suple entrando nun mercado universal mandando un sinal á potencial oferta... exactamente o mesmo que cando

noso modelo significaría que se reciben menos ofertas matrimoniais, o que vai modificando a percepción do mercado.²⁷

3.2.-. Análise Empírica

A continuación realízase unha análise do mercado de casados en España para o período 1940-1991. Con este fin faise unha calibración para poder obter a taxa natural de solteiro, e coméntanse diversas regularidades.

Calibración

Os datos obtivéronse do INE para o período decenal 1900-1970, 1981, 1986 e 1991, e para o período anual que abrangue 1940-1991 (agás o número de divorcios²⁸ onde a fonte é Inés Alberdi, 1995, para 1981-1991).

Os datos decenais recollidos foron a distribución marital da populazón, o número de matrimonios e os habitantes con idade inferior aos 15 anos. Ca serie da distribución marital -restándolle o número de persoas menores de 15 anos aos solteiros- construíuse a serie do número de persoas en idade casadeira (maiores de 15 anos) por decénios. Calculando a taxa de crecemento anualizado η_{dec} para cada decénio reconstruíuse a serie anual I_t do número de persoas en idade casadeira entre 1940-1991. (Ver Tabela 1.)

Os datos anuais recollidos foron o número de casamentos e defuncións de maiores de 15 anos, desglosados polo estado marital -solteiro, viuvos e divorciados. Cos datos de mortandade para as persoas en idade casadeira e a serie reconstruída I_t , calculouse a taxa de mortandade anual dos maiores de 15 anos, m_t .

A continuación construíronse as series anuais de casados e solteiros a partir das ecuacións (1) e (2), onde $m_C C_t$ son o número de casados mortos en t , σS_t o número de matrimonios, $m_S S_t$ o número de pasamentos de solteiros maiores de 15 anos. Finalmente $N_t = I_t(\eta_{dec} + m_t)$ é o volume de individuos que entran no mercado de casados no período t , onde $I_t (= C_t + S_t)$ é a serie reconstruída, η_{dec} é a taxa de crecemento anualizada do decénio e m_t a taxa de

unha empresa se anuncia demandando un posto de traballo!!!

²⁷De feito este modelo ten unha implicación de Política. Para poder atopar unha parella axeitada (é dicir, óptima), unha persoa debe tratar de coñecer a moitas/os rapazas/es (é dicir, “ter moitas entrevistas”).

²⁸En España a lei do divorcio aprovouse en 1981. No que respecta aos separados, legalmente o seu estado civil é casado.

mortandade do ano t . (Ver Tabela 2.)

Finalmente, obsérvese que a proporción de casados C_t/I_t é estável ao longo do tempo (cunha média do 57,67% (0.04558) dos maiores de 15 anos e do 63,09% (0.04514) dos maiores de 15 anos non viuvos) e cunha varianza baixa apoiando a nosa hipótese que a proporción de casados é constante ao longo do tempo. Ver Figura 2 e 3.

Resultados

Destas series calculáronse para o periodo 1940-1991 as médias -entre paréntese aparecen as desviacións típicas- das taxas de mortandade de solteiros e casados $m_S = 0,01427$ (0,00149) e $m_C = 0,00916$ (0,00201), da taxa de divórcio $\delta = 0,00113$ (0,00023) e da taxa de aceptación $\sigma = 0,04554$ (0,00711), e tamén a taxa de crecemento anualizado de 1940-1991 dos individuos en idade de casamento $\eta = 0,01081$. Con estes valores obtívose un valor da taxa natural de solteiro, ecuación (3), do 25.63%. Téñase en conta que a média da taxa de solteiros (ou máis ben dos non casados maiores de 15 anos) é do 42,33% (0,04559).

Observando os resultados o feito de incluír aos viuvos como solteiros podería ocasionar unha taxa de solteiros (de non casados) moi elevada -mormente porque o número de viuvos que contraen matrimonio son moi poucos, a respecto do número de casamentos. Ademais, isto ocasiona unha taxa de mortandade nos “solteiros” m_S moito maior que nos casados. Daquela repetiuse o experimento para os solteiros maiores de 15 anos non viuvos mais incluíndo aos casados en segundas núpcias. É dicir, S_{t+1} son os maiores de 15 anos non viuvos que agora non inclúe $m_C C_t$, pero sí o número de viuvos casados en $t + 1$: $\sigma_V V_{t+1}$. Logo as ecuacións (1) e (2) transfórmanse en

$$\begin{aligned} C_{t+1} &= C_t - 2m_C C_t - 2\delta C_t + 2\sigma S_t \\ S_{t+1} &= S_t - 2\sigma S_t - m_S S_t + (m_C + 2\delta)C_t + N_{t+1} - m_C C_t + \sigma_V V_{t+1} = \\ &= S_t - 2\sigma S_t - m_S S_t + 2\delta C_t + N_{t+1} + \sigma_V V_{t+1} \end{aligned}$$

Obsérvese agora que cando falamos da taxa de mortandade m_t non nos referimos aos solteiros e casados mortos (antes tiñamos que $m_t I_t = m_S S_t + m_C C_t$) senon aos que “desaparecen” do mercado de casados: $m_t I_t = m_S S_t + 2m_C C_t - \sigma_V V_{t+1}$.

O resultado (ver Tabela 3), lóxicamente, diminúe a taxa de mortandade de solteiros non viuvos, cuxa média é $m_S = 0,00522$ (0,00124), e aumenta a taxa anual de aceptación matrimonial, $\sigma = 0,05736$ (0,009449). Agora a taxa natural de solteiro diminúe até un 21,51%. Estes son os solteiros fricciónais. Se temos en conta que a média da taxa de solteiros (ou máis ben dos non casados non viuvos maiores de 15 anos) é agora do 36.90% (0,04514),

cabe supoñer que esta cifra seguramente se atopa sobrevalorada por incluír rapaces de 15-18 anos -ao redor dun quinto dos solteiros- que non están no mercado de casados e aquelas persoas por riba dos 18 anos que tampouco están no mercado de casados.²⁹ Obsérvese ademáis que, a partires do ano 1981, a taxa de aceptación σ diminúe, até unha média 1981-1991 de 0,04381 (0,00195), o que parece confirmar que esta é a principal causa do aumento do número de solteros.

Para futura investigación déixase o feito que a meirande parte dos solteiros entre 15 e 20 anos non están no mercado de casados. Podería facerse o mesmo que cos viuvos e só incluír aqueles novos que casan. Aínda así hai o problema para obter a taxa de crecemento das persoas en idade de casamento η , pois o INE só facilita datos para os grupos de idades entre 15 e 24 anos, e non entre 15 e 20.

4.- Ampliación do Modelo: as Parellas de Feito e os Noivos

Poderíase mesmo estender o modelo ao estudo do proceso polo cal unha persoa toma a decisión de aceptar unha oferta e convivir como parella de feito ou de aceptar unha oferta de noiva.

No que respecta ás parellas de feito tamén existirá un enxoval mínimo \underline{e}^P para o cal o rapaz empezara a considerar a posibilidade de irse a vivir ca súa moza/o. Parece lóxico que este fora como máximo, senon igual, ao *enxoval de solteiro* para casar: $\underline{e}^P \leq \underline{e}$. Tamén existiría un enxoval crítico de parella de feito \bar{e}^P . É posíbel que xa que o compromiso non é tan grande como o casamento poidera ocorrer que $\bar{e}^P \leq \bar{e}$, probabelmente menor. Pode existir un país, ou unha sociedade, con fortes reticencias a este tipo de situacións. En ningún caso quere dicir que \bar{e}^P non exista, senon que $\bar{e}^P \equiv \bar{e}$. Asemade, as parella que “non creen” no matrimonio tampouco significa que non exista un \bar{e} . En realidade o seu enxoval crítico de

²⁹Respeito aos estudos do desemprego atopámonos ca dificultade que non existe unha estatística de “solteiros inscritos como no INEM- ou un enquérito de solteiros aos que se lles pregunte se buscaron activamente parella -como no caso da EPA-, logo descoñécese exactamente o tamaño da oferta de solteiros. É dicir, o caso sería análogo a incluír como desempregados –e por tanto dentro da populazón activa– a amas de casa, discapacitados e estudantes (ademáis de xubilados). Isto levaría a ter unha taxa de desemprego moito maior á aquela que incluíra únicamente ás persoas que efectivamente están buscando un posto de traballo.

casamento é moi elevado.³⁰

Finalmente o *enxoval de solteiro/a* de noivo/a para aceptar unha moza/o como noiva/o súxírese moito menor que para o matrimonio e a parella de feito: $\underline{e}^N < \underline{e}^P \leq \underline{e}$. Por suposto non vai ser nulo -senon todos teríamos moza/o. Se ven unha moza e che ofrece sair con ela ca promesa -co enxoval- que che vai adicar 15 minutos á semana, seguramente o rapaz nin consideraría a oferta (logo este enxoval está por debaixo de \underline{e}^N). Tamén vai existir un enxoval crítico \bar{e}^N a partir do cal o rapaz acepte calquer oferta da candidata a noiva. Obviamente $\bar{e}^N \leq \bar{e}^P \leq \bar{e}$. Abofé hainos moi enamoradizos. Isto quere dicir que \bar{e}^N está moi próximo a \underline{e}^N .³¹

Finalmente, na Figura 4 recóllese a secuencia de puntos críticos. Porén non debe deducirse que $\underline{e} < \bar{e}^N$. Ben podería ocorrer que $\bar{e}^N < \underline{e}^P$.

5.-. Conclusión.

Baseándonos na análise económica e no modelo de búsqueda analisouse os condicionantes da aceptación dunha oferta matrimonial. Enuméranse certas regularidades da realidade que pode explicar este modelo. Por exemplo as parellas de feito e os noivados. Realizouse unha calibración con datos de España 1940-1991 obténdose unha taxa natural de solteiro.

Como extensións apuntar a dúas liñas. En primeiro lugar sería interesante buscar a relación entre o mercado laboral e o mercado de casados, mediante unha análise empírica. Por exemplo estudar cómo a taxa de aceptación dun traballo, a nivel agregado, influe na taxa de aceptación matrimonial (e máis á taxa de fecundidade), tamén a nivel agregado. Poderíanse siguer as liñas de Alan Frieden (1974).

No segundo lugar sería de interese explicar -a través da análise económica- o porqué da aparición de novos contratos no mercado de casamento alternativos ao propio matrimonio convencional (por exemplo, as parellas de feito). Cicais porque minora certos custes tanto económicos como custes de axentes aversos ao risco: minora custes monetários no caso de aceptación (gastos da voda, etc.) e custes monetários e sociais da separación (por exemplo, minora o custe social dos divorciados, que poden estar “mal vistos” socialmente).

³⁰Circunstancias exóenas (presión familiar ou social) podería obrigarlles a diminuír dito \bar{e} , e logo casar, polo que non é que non exista.

³¹Tamén circunstancias exóenas (bebidas alcólicas) poden afectar ao \underline{e}^N .

Referências

1. Alberdi, Inés (1995) *Informe Sobre la Situación de la Familia en España*, Ministerio de Asuntos Sociales. Madrid.
2. Barro, Robert (1994) *Macroeconomics. Fourth Edition*, Ed. Wiley and Sons. U.S.A.
3. Becker, Gary (1973) “A Theory of Marriage: Part I,” *Journal of Political Economy* 81 (4), pp. 813-846.
4. Becker, Gary (1974) “A Theory of Marriage: Part II,” *Journal of Political Economy* 82 (2), pp. S11-S26.
5. Becker, Gary (1981) *A Treatise on the Family* Harvard University Press. Cambridge, Mass.
6. Becker, Gary; Elisabeth M. Landes e Robert T. Michael (1977) “An Economic Analysis of Marital Instability,” *Journal of Political Economy* 85 (6), pp. 1141-1188.
7. Blanchard, Oliver (1997) “El Desempleo Español: Diagnóstico y Alternativas de Política Económica,”^{en} *Macroeconomía*, Prentice Hall Iberia, Madrid, pp. 400-403.
8. Cigno, Alessandro (1991) *Economics of the Family* Clarendon Press, Oxford.
9. Deaton, Angus (1992) *Understanding Consumption*, Clarendon Press, Oxford.
10. Freiden, Alan (1974) “The United States Marriage Market,” *Journal of Political Economy* 82 (2), pp. S34-S56.
11. Freixanes, Victor (1988) *O Enxoval da Noiva* Galaxia narrativa n.68, Ed. Galaxia. Vigo.
12. INE (1996) *Anuario Estadístico* Madrid
13. Grossbard-Shechtman, Shoshana (1995) “Marriage Market Models,”^{en} Mariano Tommasi e Kathriyn Ierully (ed.) *The New Economics of Human Behavior* Cambridge University Press, Cambridge.
14. Keeley, Michael C. (1977) “The Economics of Family Formation,” *Economic Enquiry* Vol. XV pp. 238-250.

15. Mortensen, Dale T. (1988) "Matching: Finding a Partner for Life or Otherwise," American Journal of Sociology Vol.94 Supplement pp. S215-S240.
16. Oppenheimer, Valerie Kincade (1988) "A Theory of Marriage Timing," *American Journal of Sociology* Vol.94 pp. 563-591.
17. Simon, Herbert (1955) "A Behavioral Model of Rational Choice," Quarterly Journal of Economics 69, pp. 129-138.
18. Rubinstein, Ariel (1998) *Modeling Bounded Rationality*, Zeuthen Lecture, MIT Press. Massachusetts.
19. Weiss, Yoram (1997) "The Formation and Dissolution of Families: Why Marry? Who Marries Whom? and What Happens upon Divorce,"^{en} Mark R. Rosenzweig e Oded Stark editores, *Handbook of Population and Family Economics* Vol.1A, , pp. 81-123. Elsevier Science, Amsterdam.

Apéndice de Tabelas e Gráficos

Probabilidade de
atopar unha rapaza
que oferte un enxoval
dado




Figura 1:




Figura 2: Proporção de casados e solteiros respeito ao total de indivíduos em idade de casar (incluindo viuvos). Fonte: INE (1996), Alberdi (1995) e elaboração própria.




Figura 3: Proporción de casados e solteiros respecto ao total de individuos en idade de casar (excluíndo viuvos non casados). Fonte: INE (1996), Alberdi (1995) e elaboración propia.

Probabilidade de atopar unha rapaza que oferte un enxoval dado




Figura 4:

Decénio	η_{dec}	
	Maiores 15 anos	Maiores 15 anos non viuvos
1940-1949	0,01268857	0,01357385
1950-1959	0,00688684	0,00773121
1960-1969	0,01103496	0,01163884
1970-1980	0,01190126	0,01204177
1981-1985	0,01275309	0,01369242
1986-1990	0,01143696	0,01189345

Cuadro 1: Taxas de crecemento anualizadas por decénios para os maiores de 15 anos incluíndo e sen incluír viuvos que non casaron en segundas núpcias. Fonte, Elaboración propia a partir das estatísticas do INE (1996).

Ano	Maiores 15 anos			Maiores 15 anos non viuvos		
	I_t	C_t	S_t	I_t	C_t	S_t
1940	18129	9107,3	9021,7	16264,938	9107,3	7157,638
1941	18359,0311	9259,414	9099,61711	16485,7158	9259,414	7226,30185
1942	18591,981	9310,278	9281,70299	16709,4905	9310,278	7399,2125
1943	18827,8867	9428,708	9399,17867	16936,3026	9428,708	7507,59464
1944	19066,7857	9550,508	9516,27766	17166,1935	9550,508	7615,6855
1945	19308,7159	9693,472	9615,24393	17399,2049	9693,472	7705,73286
1946	19553,716	9859,11	9694,60595	17635,3791	9859,11	7776,26907
1947	19801,8247	10025,144	9776,68067	17874,7591	10025,144	7849,61509
1948	20053,0815	10252,084	9800,99754	18117,3884	10252,084	7865,30441
1949	20307,5265	10470,214	9837,3125	18363,3111	10470,214	7893,09715
1950	20565,2	10548,1	10017,1	18612,572	10548,1	8064,472
1951	20706,8292	10756,222	9950,60721	18756,4696	10756,222	8000,24762
1952	20849,4338	10942,924	9906,50981	18901,4797	10942,924	7958,55574
1953	20993,0205	11181,754	9811,26649	19047,611	11181,754	7865,85697
1954	21137,596	11412,56	9725,03604	19194,872	11412,56	7782,31196
1955	21283,1673	11675,14	9608,02725	19343,2715	11675,14	7668,13146
1956	21429,741	11945,45	9484,29099	19492,8183	11945,45	7547,36827
1957	21577,3242	12238,974	9338,35016	19643,5213	12238,974	7404,54725
1958	21725,9237	12516,038	9209,88571	19795,3894	12516,038	7279,35135
1959	21875,5466	12821,212	9054,33464	19948,4316	12821,212	7127,21958
1960	22026,2	12747,5	9278,7	20102,657	12747,5	7355,157
1961	22269,2583	13009,872	9259,38626	20336,6286	13009,872	7326,7566
1962	22514,9987	13279,206	9235,79266	20573,3234	13279,206	7294,11736
1963	22763,4508	13528,734	9234,71679	20812,773	13528,734	7284,03897
1964	23014,6446	13774,75	9239,89458	21055,0095	13774,75	7280,2595
1965	23268,6103	14015,896	9252,71429	21300,0654	14015,896	7284,16938
1966	23525,3785	14245,226	9280,1525	21547,9734	14245,226	7302,74742
1967	23784,9801	14474,372	9310,60813	21798,7668	14474,372	7324,39483
1968	24047,4465	14703,014	9344,43246	22052,4792	14703,014	7349,46518
1969	24312,8091	14926,352	9386,4571	22309,1444	14926,352	7382,79245
1970	24581,1	14967,7	9613,4	22568,797	14967,7	7601,097
1971	24873,646	15217,436	9656,21	22840,5652	15217,436	7623,1292
1972	25169,6737	15455,322	9714,35166	23115,606	15455,322	7660,28397
1973	25469,2244	15730,154	9739,07042	23393,9587	15730,154	7663,80471
1974	25772,3402	16004,084	9768,25622	23675,6633	16004,084	7671,57931
1975	26079,0635	16272,606	9806,45747	23960,7601	16272,606	7688,15414
1976	26389,4371	16548,774	9840,66311	24249,29	16548,774	7700,51603
1977	26703,5046	16800	9903,5046	24541,2943	16800	7741,29433
1978	27021,3099	17056,656	9964,65387	24836,8149	17056,656	7780,15889
1979	27342,8974	17301,702	10041,1954	25135,894	17301,702	7834,19203
1980	27668,3123	17526,028	10142,2843	25438,5746	17526,028	7912,54661
1981	27997,6	17443,7	10553,9	25744,9	17443,7	8301,2
1982	28354,656	17556,49	10798,166	26097,4099	17556,49	8540,91989
1983	28716,2655	17629,79	11086,4755	26454,7465	17629,79	8824,95649
1984	29082,4867	17702,808	11379,6787	26816,9759	17702,808	9114,16789
1985	29453,3783	17780,59	11672,7883	27184,1651	17780,59	9403,57509
1986	29829	17999	11830	27556,382	17999	9557,382
1987	30170,1529	18086,234	12083,9189	27884,1226	18086,234	9797,88859
1988	30515,2076	18182,21	12332,9976	28215,7611	18182,21	10033,5511
1989	30864,2087	18275,602	12588,6067	28551,344	18275,602	10275,742
1990	31217,2013	18369,712	12847,4893	28890,9181	18369,712	10521,2061
1991	31369,6	18456,4	12913,2	28976,043	18456,4	10519,643

Cuadro 2: Séries reconstruídas de individuos en idade casadeira, casados e solteiros incluíndo viuvos, e sen incluír, en miles de persoas. Fonte: INE (1996), Alberdi (1995) e elaboración propia. (Nota.- Os datos en preto proveñen dos censos dos anos respectivos.)

Periodo 1940-1991	$\frac{C_t}{I_t}$	$\frac{S_t}{I_t}$	m_S	σ	δ	m_C	η_{40-91}	s
Maiores 15 anos	57,67 % (0,04559)	42,33 % (0,04559)	0,01427 (0,00149)	0,04554 (0,00711)	0.00113 (0,00024)	0,00916 (0,00201)	0,01081	25,63 %
Maiores 15 anos non viuvos	63,09 % (0,04514)	36,90 % (0,04514)	0,00522 (0,00124)	0,05736 (0,00945)	0.00113 (0,00024)	0,00919 (0,00204)	0,01139	21,51 %

Cuadro 3: Comparación das taxas naturais de solteiro -nos parénteses aparecen as desviacións típicas.

Resumen

An economic analysis application to the decision of marring, i.e. to accept a marriage offer, is studied. This research is made within a search model framework. Likewise the factors that affects this decision are pointed out. The theory can reproduce several facts on real world like the present older age of Spanish single citizens when marring. The study also is extended to the decision of being fiancé or the cohabitation with the partner. Finally a calibration for Spanish marriage market 1940-1991 is made. Starting from the assumption that married people grows at the same rate than the amount of people in marriage market, a natural rate of single is found.

Keywords: Search Model, Marriage.

JEL: J12